EXPEDIENTE 2024/G010/000001. PLENO SESIÓN ORDINARIA 11 DE XANEIRO DE 2024.

ACTA Nº 2024/01

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro
Data: xoves 11 de xaneiro de 2024
Hora de comezo: 21:03 horas
Hora de remate: 21:38 horas

PRESIDE:
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO
Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
DARIO REY SUAREZ
ANGELICA DOLORES LAMAS LOUZAO
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

NON ASISTE:
Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

I PARTE RESOLUTORIA

1 EXPEDIENTE 2023/G010/000010. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 14 de decembro de 2023. Aprobación da acta da sesión.

II PARTE DE CONTROL

2. EXPEDIENTE 2023/G006/000300. Decretos da Alcaldía ditados entre o 11 de decembro de 2023 e o 5 de xaneiro de 2024. Toma de razón.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: EBR7efFF4cSs89z0djYH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3. Mocións

3.1. Moción do grupo municipal do BNG para a solicitude de información sobre estado de tramitación da AAI de TEN.

4. Rogos e preguntas.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 **EXPEDIENTE 2023/G010/000011. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 14 de decembro de 2023. Aprobación da acta da sesión.**

ANTECEDENTES

14.12.2023. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 14 de decembro de 2023.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓN

Procédese a votación da proposta de aprobación da acta, resultando aprobada pola unanimidade dos dez concelleiros que asisten á sesión, sendo once o número legal de membros que conforman a Corporación.

II PARTE DE CONTROL

2 EXPEDIENTE 2023/G006/000300. Decretos da Alcaldía ditados entre o 11 de decembro de 2023 e o 5 de xaneiro de 2024. Toma de razón.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 11 de decembro de 2023 e o 5 de xaneiro de 2024.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o entre 6 de novembro e o 30 de decembro de 2023 (artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais):

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2023/G003/000373	EXPEDIENTE 2023/S002/000080. Alta de Servicio	340/2023	11-12-2023

CVD: EBR7efFF4cSs89z0djYH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

	Axuda no Fogar.		
2023/G003/000375	EXPEDIENTE 2023/T001/000006. Devolución Ingresos Indebidos	341/2023	11-12-2023
2023/G003/000376	EXPEDIENTE 2023/A008/000035. Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024. Mellora de acceso á Capilla e outro e mellora de camiño en Tribás e outros. Aprobación conta xustificativa anualidade 2023.	342/2023	11-12-2023
2023/G003/000377	EXPEDIENTE 2023/S002/000081. Baixa de Servicio Axuda no Fogar	343/2023	11-12-2023
2023/G003/000374	EXPEDIENTE 2023/G010/000011. Pleno sesión ordinaria. 14 de novembro de 2023. Convocatoria	344/0023	11-12-2023
2023/G003/000378	EXPEDIENTE 2023/G007/000027. Xunta Goberno Local. Sesión ordinaria do 15 de decembro de 2023	345/2023	14-11-2023
2023/G003/000379	EXPEDIENTE 2023/G006/000310. Aprobación de liquidacións decembro 2023 persoal PEL 2023	346/2023	15-11-2023
2023/G003/000380	EXPEDIENTE 2023/G003/000380. Asistencias por participacións en tribunais ou órganos de selección de persoal.	347/2023	19-12-2023
2023/G003/000381	EXPEDIENTE 2023/G006/000312. Aprobación nóminas extra decembro 2023	348/2023	19-12-2023
2023/G003/000382	EXPEDIENTE 2023/E003/000001. Aprobación de Oferta de Emprego Público 2023	349/2023	20-12-2023
2023/G003/000383	EXPEDIENTE 2022/E001/000010: Proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Touro. Declaración de persoal laboral fixo na praza de auxiliar servizos sociais.	350/2023	20-12-2023
2023/G003/000384	EXPEDIENTE 2022/E001/000011: Proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Touro. Declaración de persoal laboral fixo na praza de condutor camion lixo.	351/2023	20-12-2023
2023/G003/000385	EXPEDIENTE 2022/E001/000012: Proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Touro. Declaración de persoal laboral fixo na praza de animador deportivo.	352/2023	20-12-2023
2023/G003/000386	EXPEDIENTE 2022/E001/000013: Proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Touro. Declaración de persoal laboral fixo na praza de auxiliar de axuda no fogar.	353/2023	20-12-2023
2023/G003/000387	EXPEDIENTE 2022/E001/000014: Proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Touro. Declaración de persoal laboral fixo na praza de encargada do PAI.	354/2023	20-12-2023
2023/G003/000388	EXPEDIENTE 2022/E001/000014: Proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Touro. Declaración de persoal laboral fixo na praza de auxiliar de apoio ao PAI.	355/2023	20-12-2023
2023/G003/000389	EXPEDIENTE 2023/G003/000388 Reintegro importe non xustificado subvención AEDL 2018.	356/2023	21-12-2023
2023/G003/000390	EXPEDIENTE 2023/I002/000002. Solicitude de comprobación do cumprimento da normativa sectorial en materia de prevención de incendios da parcela con referencia catastral 15086A517002640001IS en Lg. A Goleta, Loxo	357/2023	21-12-2023
2023/G003/000391	EXPEDIENTE 2023/I002/000012. Expediente de reposición da legalidade urbanística dunhas obras de rehabilitación executadas no Lg. San Pedro, Ribeira. Ref. Catastral: 15086A509002720001IT.	358/2023	21-12-2023
2023/G003/000393	EXPEDIENTE 2023/G003/000393. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (viaxe da veciñanza a Cantabria)	359/2023	22-12-2023
2023/G003/000394	EXPEDIENTE 2023/S002/000082. Baixa servizo axuda no fogar.	360/2023	22-12-2023

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: EBR7efFF4cSs89z0djYH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2023/G003/000392	EXPEDIENTE 2023/G003/000392. Pago taxa publicación anuncio DOG aprobación oferta de emprego público 2023.	361/2023	22-12-2023
2023/G003/000396	EXPEDIENTE 2023/G003/000396. Gastos de locomoción, dietas e indemnización.	362/2023	26-12-2023
2023/G003/000398	EXPEDIENTE 2023/G003/000398. Horas fora da xornada laboral Iván Louzao López.	363/2023	26-12-2023
2023/G003/000400	EXPEDIENTE 2023/G006/000400 - Decreto pago deuda seguridade social alcaldía mes de outubro de 2023.	364/2023	26-12-2023
2023/G003/000397	EXPEDIENTE 2023/G003/000397 Decreto quilometraxe e dietas mes de decembro de 2023.	365/2023	26-12-2023
2023/G003/000399	EXPEDIENTE 2022/E001/000002 Provisión dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de administratción xeral, subescala administrativa, incluída na oferta de emprego público de 2021. Nomemamento funcionario.	366/2023	27-12-2023
2023/G003/000402	EXPEDIENTE 2023/S002/000084. Alta de Servicio Axuda no Fogar.	367/2023	28-12-2023
2023/G003/000401	EXPEDIENTE 2023/S002/000083. Modificación de Servicio Axuda no Fogar.	368/2023	28-12-2023
2023/G003/000395	EXPEDIENTE 2023/G007/000028. Xunta Goberno Local. Sesión extraordinaria do 29 de decembro de 2023	369/2023	28-12-2023
2023/G003/000404	EXPEDIENTE 2023/I001/000001.Decreto recurso de reposición expediente disciplinario sancionador.	370/2023	29-12-2023
2023/G003/000403	EXPEDIENTE 2023/G003/000403. Asistencias órganos colexiado periodo xuño-decembro 2023	371/2023	29-12-2023
2023/G003/000405	EXPEDIENTE 2023/G003/000396. Gastos de locomoción, dietas e indemnización.	372/2023	29-12-2023
2023/G003/000407	EXPEDIENTE 2023/S002/000085. Modificación de Servicio Axuda no Fogar.	373/2023	29-12-2023
2023/G003/000408	EXPEDIENTE 2023/G006/000324. Aprobación e pagamento de facturas proovedores varios.	374/2023	29-12-2023
2023/G003/000409	EXPEDIENTE 2023/T002/000011. Modificación orzamentaria. Transferencia de crédito entre partidas mesma área de gasto.	375/2023	29-12-2023
2023/G003/000410	EXPEDIENTE 2023/G006/000325. Aprobación nóminas decembro 2023.	376/2023	29-12-2023
2024/G003/000001	EXPEDIENTE 2024/T004/000001. Prórroga orzamento 2022 para o exercicio 2024.	1/2024	03-01-2024

Neste punto o voceiro do BNG, Sr. Xoan Louzao pregunta sobre o Decreto de modificación do orzamento de transferencia de crédito pasando de partida de investimento de iluminación pública a unha partida gasto corrente de pago de enerxía eléctrica por importe de quince mil euros, e xa no pleno anterior houbera tamén unha transferencia de crédito de noventa mil euros dunha serie de partidas para pagar tamén gasto corrente de luz, a que se debe tal cantidade de modificacións e se houbo tanto incremento do gasto de luz.

O Sr. Alcalde resposta que é debido a dúas cuestións, por un lado ao incremento do prezo da luz, xa que os orzamentos son os prorrogados de 2022 co cal a previsión que había no ano 2022 quedouse corta e por outra banda fíxose fronte ao pago dunhas facturas, máis menos un cuadrimestre de facturación de subministro de enerxía eléctrica do exercicio 2022 de alumeado público, sobre corenta e pico mil euros viñan do ano anterior.

O secretario-interventor di que había sobre corenta e cinco mil euros pendentes de facturación do ano 2022, xa que as compañías habitualmente facturan no exercicio seguinte, gastos que proceden do exercicio anterior, alcanzando os corenta e cinco mil euros as que procedían do exercicio 2022.

Pregunta tamén pola transferencia de partidas de gastos de persoal a gastos correntes de xestión do sistema tributario, servizos de recadación en favor da entidade, para que é esa partida.

Por parte do secretario-interventor explícase que se trate do premio da cobranza da Deputación pola xestión e recadación dos tributos cedidos, que non se estaba a contabilizar e tanto no seu criterio como da persoa encargada da contabilización debe facerse así xa que se trate de un gasto corrente que se realiza en compensación cos ingresos derivados dos ingresos dos tributos, non hai un movemento de tesouraría pero si hai a efectos contables e orzamentarios. Non é un menor ingreso. Contablemente é un gasto e supón a efectos de tesouraría un menor ingreso, tratase dunha operación contable que non se estaba a facer; a normativa contable contempla esa partida por algo, e non se estaba a facer. Di que é unha porcentaxe da recadación e non sabe neste intre cal é pero

CVD: EBR7efFF4cSs89z0djYH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

podería miralo e dicirllo.

3 MOCIÓNS

3.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A SOLICITUDE DE INFORMACIÓN SOBRE ESTADO DE TRAMITACIÓN DA AAI DE TEN.

Intervén Xoan Antón Louzao Rodríguez, BNG, defendo a seguinte moción, comentando que hai un erro de data e onde di 18 de outubro de 2022 é 18 de outubro de 2021. O contido da Moción é o seguinte:

O 18 de outubro de 2022 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, someteu a información pública a modificación substancial e a revisión da autorización ambiental integrada (AAI) dea empresa Tratamientos Ecológicos del Noroeste, S.L. (TEN) para a planta de valorización de residuos non perigosos localizada na Corta do Arinteiro en Touro (A Coruña) (expediente 2020-IPPC-M-20)

A empresa TEN solicitaba, en síntese, unha modificación da Avaliación ambiental integrada para a súa actividade de xestión de residuos, coa finalidade da adaptar a súa autorización ambiental a ampliación da cantidade de residuos que nese momento xa estaba tratando na súa planta.

No período de exposición pública desta autorización presentáronse unha gran cantidade de alegacións dos veciños e veciñas, especialmente das parroquias máis cercanas, afectadas polos problemas dos cheiros que ven provocando a actividade desta empresa.

No pleno do pasado mes de outubro o alcalde contestou a unha pregunta escrita do grupo do BNG, que non constaba que no concello se recibira ningunha notificación ao respecto da emisión da declaración de impacto ambiental da citada solicitude de modificación da AAI.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Solicitar á D.X. de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático información sobre cal é o estado de tramitación da solicitude de revisión e modificación da AAI da empresa TEN, S.L.

2. Así mesmo, solicitar se houbo informe ambiental por parte desa Dirección Xeral e de habelo, que sexa remitida ao concello e caso contrario cal é a razón pola que esta non se realizou.

3. En todo caso demandar á D.X. que comunique cales foron os resultados das accións que dende a administración autonómica se ían obrigar a realizar á empresa para mitigar os olores, concretamente a medición de olores realizado por panelistas así como o estudo sobre a concentración de metano, amoníaco e ácido sulfídrico e dos tecnosolos que elabora esta empresa."

INTERVENCIÓNS

O Alcalde di que o seu grupo MVXT está de acordo.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo di que está de acordo coa proposta e di que quería aproveitar para preguntar pola proposta de posta de estación de medición de olores en Loxo, que incluso se había pedido ao Concello a información urbanística, e se a alcaldía ten constancia da existencia dese trámite.

O Sr. alcalde di se é unha pregunta á Alcaldía.

O Sr. Reboredo González di que sí.

O Alcalde di que si se pode axustarse ao punto da orde do día.

O Sr. Reboredo di que sería perfecto para o debate deste tema, se está en trámite esa instalación ou non o está.

O Sr. alcalde di que está en uso da palabra sobre a punto do orde do día, hai un punto de preguntas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: EBR7efFF4cSs89z0djYH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O voceiro do PP, di que non contesta, bien, en principio nos estamos de acordo con esta moción.

VOTACIÓNS:

Procédese a votación da aprobación da referida moción, resultando aprobada pola unanimidade dos dez concelleiros que asisten á sesión, sendo once o número legal de membros que conforman a Corporación.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, propón que se inclúa a Moción presentada da proposta de inclusión de obras no POS + 2024, que se someta a votación a urxencia.

O Sr. Alcalde di que nos termos en que está presentada non pode ser sometida a cuestión de urxencia porque non se trata dunha Moción.

4 ROGOS E PREGUNTAS.

- O voceiro do PP, Sr. Reboredo González formula as seguintes preguntas:

1. Sobre a convocatoria de préstamo de ordenadores pregunta con que ordenadores se fai ese préstamo, son os ordenadores portátiles da aula de informática e se son os da aula que se vai a facer coa aula de informática, vanse a comprar novos ordenadores ou vaise a desmantelar?

2. Sobre as propostas de gasto, nun pleno anterior solicitamos que se dera conta das mesmas a Xunta de Goberno as propostas de gasto e vemos que non figuran nas actas das últimas xuntas de goberno, cal é a razón?

E o lóxico sería que se rematase cunha resolución de aprobación de Alcaldía, facilitaríanos aos demais o control e sería o procedemento máis lóxico, porque non se fai?

3. O importe ao cal se pasa a contrato menor e se deixa de facer como proposta de gasto?

4. Só hai publicados dous contratos menores de obras publicados na plataforma de contratos do que levamos de lexislatura, porque non se publican o resto dos contratos?

5. Na confección dos almanaques, cal foi o criterio seguido para a súa elaboración e porque non se rotularon as imaxes que aparecen nos mesmos?

6. Cales foi o criterio para a corta de árbores en Fonte Díaz.

7. En que estado está a tramitación da instalación dunha estación medidora de olores por parte da empresa TEN?

O Sr. Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

1. Trátase dos ordenadores que estaban apilados no semisoto do Concello, leváronse a reconfigurar, xa que estaban en bo estado de uso e fíxose para dar servizo a xente que os necesite e de poñelos en uso. A aula de informática xa estaba desmantelada, non se desmantelou, a aula de informática non existe, era un almacén.

2. Nas convocatorias da Xunta de Goberno Local sempre se inclúe un punto de rogos e preguntas e senón consta nada nese punto relativo ás propostas de gasto é porque ningún dos membros trasladou rogo ou pregunta acerca desa cuestión.

3. Faise conforme á legalidade.

4. Está recollido nas Bases de execución do orzamento, que se ben é moi posible que o goberno poida descoñecer os importes e os límites, pero como previo á decisión do goberno hai un mecanismo de control por parte de secretaría-intervención que seguro que si sabe os termos e límites dos importes, pois faise conforme á esa supervisión.

O Sr. Alcalde fai unha primeira chamada a orde ao Sr. Reboredo.

Por parte do Sr. Alcalde fáiselle unha segunda chamada a orde, por que a esta alturas debera coñocer o regulamento e sabe que vostede só pode facer uso da palabra cando a solicita e lla da o alcalde-presidente e ata aí e ata onde pode chegar, co cal todo este tipo de interrupcións non as pode facer. É así, gústelle ou non lle guste, as respostas non teñen réplica.

CVD: EBR7efFF4cSs89z0djYH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5. Respecto a pregunta cinco, senón están publicados todos os contratos menores é pola capacidade de xestión e o ritmo de actualización non é todo o eficaz que debería, se ben está bastante máis actualizada que cando nos chegamos ao goberno.

6. Respecto dos calendarios, efectivamente houbo un defecto na impresión e non se incluiu o pé de foto pola imprenta.

7. Respecto da poda de árbores en Fonte Díaz, estao facendo unha empresa adicada a xardinería conforme a criterios de sanidade vexetal, funcionalidade e ornamental.

8. Sobre a estación de medición de calidade do aire, pois enterouse fai pouco tempo este alcalde, porque o alcalde anterior nunca llo contou, que a principios de 2023 a empresa TEN presentou unha instancia sobre a estación de medición da calidade do aire que pretendería instalar no campo de fútbol de Loxo. Principios de febreiro tivo entrada esa cuestión e non pasou do rexistro de entrada, preguntei e tampouco me me souberon dar explicación de porque ese asunto non pasou do rexistro de entrada, nin sequera expediente urbanístico tiña aberto, esa afirmación que dixo vostede de que esa empresa pedira un informe urbanístico pois formalmente non consta nin solicitado informe urbanístico, nin consta expediente aberto nin consta informe.

O voceiro do BNG Sr. Xoan Louzao formula as seguintes preguntas:

1. Cantas solicitudes se recibiron das axudas para o pago de axuda do Bono Social, do pago de luz eléctrica a familias vulnerables, esgotouse o crédito?

Seguinte di o Sr. Alcalde

O Sr. Louzao di porque non lle responde segundo lle vai formulando as preguntas, creo que é bastante máis lóxico, xa nos olvidamos da pregunta.

2. No DOG do 22-12-2023 sai unha convocatoria de axudas para mellora de camiños municipais en zonas de concentración parcelaria e non está o Concello de Touro, hai que cumprir unha serie de requisitos, a pregunta é se o Concello non o solicitou e se o fixo non cumpre cos requisitos para resultar beneficiario? Non sei se agora mo poderá contestar senón para o seguinte pleno, xa que falamos de cantidades considerables.

3. Creo que no anterior mandato, se solicitara unha análise da potabilidade da auga das fontes, creo que a Espina y Delfín, está feito ese estudo ou non?

4. Respecto da estrada da Deputación, dende Santa Irene a Ponte San Xusto. En marzo de 2022, houbo unha moción para solicitar a mellora desta estrada dende a Muíña ata Ponte San Xusto, toda a estrada, e para a nosa sorpresa resulta que a Deputación licita a mellora de 800 metros; polo que pregunta se se enviou o acordo á Deputación tal cal se aprobou aquí, so se solicitou o arranxo dunha zona da estrada ou foi decisión da Deputación arranxar un tramo de só oitocentos metros?

O Sr. Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

1. Falo de memoria, do Bono enerxético non se esgotou o crédito, houbo sobre cincuenta e pico solicitudes e case cincuenta concedidas.

2. Touro efectivamente non consta como potencial concello beneficiario dese tipo de subvencións, non sei se é por que non ten concentracións parcelarias en proceso, tampouco creo que teña que ver con solicitudes anteriores, non o sei, en todo caso dende que nos estamos no goberno é a primeira orde de subvención que recibimos neses termos e loxicamente non se solicitou subvención ao abeiro desa Orde porque a Touro non lle corresponde, non sei se ben derivado de circunstancias anteriores ou non.

3. Respecto da potabilidade das fontes, o alcalde di que non ten coñecemento deses informes, pero aproveita para preguntar e recabar información sobre o asunto e o que haxa, trasladarémosllo se ten interese.

4. Respecto da proposta que foi aprobada en Pleno da mellora da estrada de Santa Irene a San Xusto, non sei se o goberno que estaba nese momento enviou ese acordo ou non á Deputación, non teño constancia e polo tanto non sabemos se o criterio de iniciar ou priorizar nese tramo o arranxo da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: EBR7efFF4cSs89z0djYH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

vía se debe a ese criterio ou a outro criterios, certamente coincidimos en que non é nin o que peor está nin o máis perigoso.

O sr. Louzao di que máis ben sería un rogo, que se mire se o acordo foi enviado, se se enviou de xeito erróneo solicitando un tramo ou se enviou tal cual se aprobou no Pleno para solicitar á Deputación, porque se vai arreglar un tramo que por certo ningúen pediu arreglalo.

O Sr. Concelleiro, Alfredo Souto di se pode dicir algo respecto do que dixo Louzao.

O Sr. Alcalde di se é un rogo ou unha pregunta e está ben que a oposición fiscalice ao goberno pero que fiscalice a outra parte da oposición, bueno, está ben.

O Sr. Alcalde di ten algunha pregunta, dirixíndose ao Sr. Alfredo Souto.

- A Concelleira do PP, Isolina Suárez di a pregunta teñoa eu, preguntando sobre unha publicación que subístedes de que se fixera un convenio con rede aberta para instalación de fibra, se está zanjado se tedes todo en camiño.

O Sr. Alcalde di que hai un convenio acordado con rede aberta.

Dona Isolina Suárez di que poñía que a fibra ía polos postes de alumbrado pero sabemos que entre municipio e municipio non hai postes de alumbrado.

O Sr. Alcalde di que non se interpreta que vaia só por alumeado público.

- O voceiro do BNG, Sr Louzao realiza os seguintes rogos:

1. En Vilar, na aldea do Casal, hai unhas corredoiras cheas de silvas e polas e de feito rompeu a fibra precisamente e tiveron os operarios que ir desbrozar, o rogo sería que se fose a ver aquela zona e que se intentara arreglar. Detrás das casas rehabilitadas, máis abaixo da Igrexa, na aldea do Casal.

2. En Calvos hai unhas pistas interiores onde están todos aqueles prados, a auga do verán levou un ha parte da terra dunha finca enorme e a verdade e que está bastante impracticable, está cuberta de terra, para limpar ese lugar porque non se pode pasar.

3. Respecto do Convenio entre rede aberta e o Concello, se se pode pasar aos grupos ese Convenio.

O Alcalde di que si.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 21:38 horas do 11 de xaneiro de 2024.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

CVD: EBR7efFF4cSs89z0djYH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.